

ANUNCIO

CONVOCATORIA E BASES PARA UNHA BOLSA DE TRABALLO PARA DIPLOMADOS EN TRABALLO SOCIAL, CON CARÁCTER INTERINO

Por Resolución da Alcaldía-Presidencia en funcións do Concello de Vilagarcía convócase o concurso-oposición para a constitución dunha Bolsa de Traballo destinada á selección de persoal que permita atender por medio de nomeamento como persoal funcionario interino, as necesidades de provisión urxente de prazas correspondentes a Diplomado Universitario en Traballo Social.

O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días naturais a contar a partir do seguinte ó de publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial de Pontevedra. A publicación tamén será anunciada en alo menos un periódico de tirada en toda Galicia e as Bases serán publicadas no taboleiro de anuncios do Concello de Vilagarcía de Arousa, e na web do Concello.

Este concurso oposición rexerese polas seguintes bases específicas. Para todo o non previsto nestas Bases, e sen prexuízo da xerarquía normativa, será de aplicación supletoria o establecido na Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, no Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, na Lei de Administración Local de Galicia, e demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

BASES ESPECÍFICAS

Primeira. Requisitos e condicións xerais.

1. Poderán participar na presente convocatoria os nacionais dos Estados membros da Unión Europea ou de aqueles Estados, ós que, en virtude de Tratados Internacionais celebrados pola Comunidade Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos en que esta se teña definida no Tratado Constitutivo da Comunidade Europea. Tamén poderán participar na presente convocatoria, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, sempre que non

estean separados de dereito, así como seus descendentes e os de seu cónxuxe, sempre que no estean separados de dereito, menores de 21 anos ou maiores de dita idade que vivan a súas expensas.

2. O título requirido para participar na presente convocatoria é o de Diplomado en Traballo Social.
3. Ter cumpridos 16 anos de idade e non pasar daquela idade prevista para a xubilación forzosa.
4. Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades Locais, no estar inhabilitado nin suspenso, para o exercicio de funcións públicas.
5. Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das correspondentes funcións.

Todos os requisitos deberán posuírse na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, e gozar dos mesmos durante todo o proceso selectivo e durante a vixencia da Bolsa de Traballo.

Segunda. Solicitudes, alegacións e acreditación de méritos.

1. A solicitude para tomar parte no presente proceso selectivo formularase segundo o modelo que figura como Anexo I á presente convocatoria, dirixirse á Alcaldesa-Presidenta do Concello de Vilagarcía de Arousa. Presentaranse no Rexistro Xeral do Concello debidamente cumprimentadas. Poderán asemade presentarse na forma prevista no artigo 38 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común. Conforme a este precepto se as solicitudes se presentan a través das oficinas de correos, deberá aparecer seladas e datadas polo funcionario de correos.

A instancia acompañarase inescusablemente de:

- Fotocopia compulsada do documento acreditativo da súa identidade.
- Fotocopia compulsada do Título de Diplomado en Traballo Social.

Ademais acompañarase:

- Da relación dos méritos que alegue o/a interesado/a, acompañada dos documentos xustificativos dos mesmos, orixinais ou fotocopias compulsadas, pois non serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados, en todos os seus extremos, dentro do prazo de presentación de instancias.
 - Documentación acreditativa do coñecemento do idioma galego, no seu caso.
2. O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días naturais a contar a partires dó seguinte ó de publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial de Pontevedra. A publicación tamén será anunciada en alo menos un periódico de tirada en toda Galicia e as Bases serán publicadas no taboleiro de anuncios do Concello de Vilagarcía de Arousa, e na web do Concello.
 3. No sucesivo, o prazo de presentación de novos méritos manterase aberto de forma permanente, si ben, a Comisión de Selección valorará anualmente aquelas novas instancias de méritos que se teñan presentado ata o 31 de outubro de cada ano.
 4. As alegacións, acreditación de méritos e lugar de presentación de solicitudes se rexerán polo previsto no artigo 38 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e dó Procedemento Administrativo Común-.

Terceira. Admisión de aspirantes.

1. Rematado o prazo de presentación de solicitudes o órgano convocante dictará unha Resolución nó prazo máximo de 5 días, sin perxucio das ampliacións que no seu caso procedan, declarando aprobada a correspondente lista de admitidos e excluídos. Na mesma resolución determinarase a designación da Comisión seleccionadora e o lugar e data para a celebración da fase de oposición. Dita Resolución publicarase nos taboleiros de anuncios dó Concello de Vilagarcía e na páxina web dó Concello: www.ivilagarcia.es. Se dende un primeiro momento non existise ningún/ha excluído/a, ditarase directamente resolución aprobando a lista definitiva de admitidos/as.
2. Noutro caso os aspirantes disporán dun prazo de 5 días naturais, contados a partires dó seguinte o de exposición da citada Resolución, para subsanar o defecto que tivera motivado súa exclusión ou omisión.
3. No sucesivo, a partires dó 1 de novembro de cada ano, o órgano convocante, no prazo e lugares sinalados no punto 1.º desta Base, publicará as Resolucións polas que se aproben:

- Relación de aspirantes incluídos na Bolsa de Traballo que causan baixa na mesma, con expresión dos motivos de exclusión.
- Relación de aspirantes incluídos na Bolsa de Traballo que presentan documentación xustificativa de novos méritos para súa valoración pola Comisión de Selección.

4. Contra ditas Resolucións, poderanse interpoñer recurso nos mesmos termos que os reflectidos para a presente convocatoria.

Cuarta. Composición e actuación da Comisión de Selección.

A composición da Comisión seleccionadora axustarase ao disposto no artigo 60 do Estatuto básico do empregado público, e estará integrada polos/as seguintes membros:

- Presidente/a: Un/ha empregado/a municipal.
- Vocais: (3): Tres empregados/as municipais, un deles a proposta do Comité de empresa.
- Secretaria/o: A do Concello ou funcionario/a en quen delegue.

Os membros da Comisión seleccionadora deberán posuír titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o posto convocado.

A Comisión seleccionadora non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de, alo menos, tres dos seus membros (titulares ou suplentes, indistintamente) e, en todo caso, coa asistencia do/a Presidente/a e do/a Secretario/a.

Os membros da Comisión seleccionadora deberán absterse de intervir, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Así mesmo os/as aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando nos mesmos concorran algunha das circunstancias previstas para a abstención de conformidade co establecido no artigo 29 da Lei 30/1992.

A Comisión seleccionadora queda facultada para resolver as dúbidas que se presenten e toma-los acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas presentes bases.

As indemnizacións por asistencia como membros da Comisión seleccionadora faranse efectivas de acordo co disposto no artigo 30.1 do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servicio, categoría primeira.

Quinta. Selección de aspirantes.

A fase de oposición consistirá na realización dunha Proba teórica: respostar, nun prazo máximo de 1 hora a un cuestionario de 40 preguntas tipo test con respostas alternativas, relacionado có temario recollido no Anexo III. A fase de oposición terá unha puntuación máxima de 40 puntos, para ter superado a proba de oposición é necesario unha puntuación mínima de 20.

A Comisión de Selección valorará os resultados da proba de oposición así como os méritos alegados polos aspirantes que superasen a proba de oposición conforme ó baremo que figura como Anexo II desta Resolución.

En caso de igualdade de puntuación final dos aspirantes, resolverase pola puntuación obtida na fase de oposición, se persiste o empate terase en conta a puntuación dos méritos profesionais, segundo a orden na que figuren no baremo correspondente. Se persiste a igualdade, atenderase á puntuación alcanzada nos méritos académicos segundo a orden dos mesmos nó citado baremo. Se estes criterios non fosen suficientes resolverase por sorteo.

A Comisión de Selección efectuará proposta de aprobación e publicación da Bolsa de Traballo ordenada de modo descendente de maior a menor puntuación segundo os criterios expostos.

Para ser incluído na lista deberá terse superado a fase de oposición.

Así mesmo a Comisión de Selección efectuará proposta de nomeamento ou contratación, a favor do candidato que seguindo a orde de prelación da Bolsa de Traballo xa conformada, tivera a maior puntuación. Dita proposta elevarase ó órgano competente para que proceda, no seu caso, ó correspondente nomeamento ou formalización de contrato.

Sexta. Acreditación de coñecemento do idioma galego

A acreditación do coñecemento do idioma galego implicará a exención da necesidade de realización desta proba. Esta exención operará en caso de acreditar:

- a) Superación do curso de iniciación.
- b) Superación do curso de perfeccionamento.

En ámbolos dous casos acreditarase mediante título ou certificación validados ou expedidos pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia ou pola Escola Galega de Administración Pública ou centros oficiais.

No caso de non ter acreditado o coñecemento do idioma galego nalgunha das formas sinaladas, levarase a cabo unha proba de carácter obrigatorio, que consistirá nun exercicio de traducción directa sen axuda de diccionario de dous textos elixidos polo tribunal, do idioma galego ao castelán e viceversa. Cualificarase de APTO ou NON APTO. Dita proba non terá carácter eliminatorio, pero en caso de que non se acade a cualificación de APTO, unha vez sexa nomeado ou contratado, participará nos cursos de formación que para o efecto se convoquen ao fin de alcanzar o grao de coñecemento axeitado á natureza do posto e ás funcións a desenvolver.

Séptima. Bolsa de Traballo.

1. Xurdida a necesidade temporal por terse producido unha vacante ou por necesidades extraordinarias do servizo dacordo á lexislación vixente, e previa declaración da necesidade da súa provisión pola Alcaldesa-Presidenta, o Departamento de Persoal determinará as condicións do nomeamento a realizar, que será o que corresponda con arreglo á lexislación vixente.
2. Ofrecerase ás persoas incluídas na bolsa, dacordo coa orde de prelación, sempre a cando se cumpran os requisitos esixidos na relación de postos de traballo para seu desempeño. Exceptúase desta previsión a ocupación dos postos de traballo que teñan prevista como forma de provisión a libre designación na relación de postos de traballo. Nestes casos poderá ofrecerse a calquera dos integrantes da bolsa que reúna os requisitos do posto.
3. A tal efecto, terá que comunicarse ó aspirante que corresponda, o lugar e data no que é preciso que se presente.
4. Se o interesado/a non manifesta súa conformidade có nomeamento nó prazo de 3 días hábiles, entenderase que renuncia ó mesmo, e se lle postergará ó último posto da bolsa de traballo, a menos que concorran algunha das seguintes circunstancias, oportunamente xustificadas:
 - a) Período de embarazo, de maternidade ou paternidade, de adopción e de acollemento permanente ou preadoptivo, incluíndo o período no que sea procedente a concesión de excedencia para o coidado de fillos, para calquera dos supostos anteriores.

- b) Prestar servicios na Administración do Concello de Vilagarcía, da Comunidade Autónoma, ou do Estado, como funcionario interino ou como persoal laboral temporal.
- c) Prestar servicios no sector privado.
- d) Enfermidade.

Os efectos da manifestación establecidos no primeiro párrafo deste punto, os sábados serán considerados días inhábiles.

5. Os aspirantes que aleguen algunha de las circunstancias previstas nas letras do punto 4º conservarán súa posición na bolsa. Nembargantes non recibirán ningunha outra oferta mentres se manteña a circunstancia alegada. Os interesados estarán obrigados a comunicar por escrito a finalización das situacións.
6. Os funcionarios interinos que cesen nun posto de traballo a resultas da Bolsa de traballo, incorporarse automaticamente á bolsas no lugar que lles corresponda.
7. A renuncia do aspirante á prestación de servicios, unha vez nomeado como funcionario interino, determinará súa exclusión da Bolsa de Traballo aínda no suposto de que tal renuncia teña lugar con carácter previo á data de inicio da relación funcional.
8. No suposto de que na Bolsa de Traballo non existan aspirantes dispoñibles temporalmente o si se esgota a bolsa, e se prevé a necesidade de cobertura de vacantes, poderase realizar unha convocatoria pública para constituír unha nova bolsa.
9. Os integrantes da Bolsa de Traballo están obrigados a sinalar seus datos persoais actualizados que faciliten a rápida localización, incluíndo a telefónica, sendo os únicos responsables da fidelidade dos mesmos.
10. A duración das Bolsas de Traballo será ata a creación dunha nova Bolsa para esa mesma categoría profesional conforme o punto nº 8; ou ben ata tanto non se elabore e poña en marcha o Plan de ordenación de recursos humanos 2008-2013, co seu plan de emprego, a que se fai referencia no prego de condicións para a contratación da elaboración da Relación de postos de traballo do Concello de Vilagarcía de Arousa aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de 22/01/2008; e en todo caso polo período máximo de dous anos.
11. A inclusión na Bolsa de Traballo non implica obrigación de ningunha índole por parte do Concello de Vilagarcía co solicitante.
12. A Xunta de Persoal poderá solicitar en todo momento información sobre a situación da Bolsa.

Oitava. Réximen Xurídico. Forma e efecto dos nomeamentos, e período de proba.

1. Son funcionarios interinos os que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando se dea algunha das seguintes circunstancias:
 - a) A existencia de prazas vacantes cando non sexa posible súa cobertura por funcionarios de carreira.
 - b) A substitución transitoria dos titulares.
 - c) A execución de programas de carácter temporal. (Se ben o Concello reservase a posibilidade de facer unha convocatoria específica en atención á natureza e características do programa).
 - d) O exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.
2. A prestación de servizos en réxime interino non constituirá mérito preferente para o acceso á condición de persoal funcionario ou de persoal laboral fixo. Non obstante, o tempo de servizos prestados poderá ser computado nos supostos de concurso oposición e sempre que os servizos correspondan as prazas convocadas.
3. A presentación de documentos e a forma e efectos dos nomeamentos, se rexerán polo disposto na Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, no Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, na Lei de Administración Local de Galicia, Lei da Función Pública de Galicia, e demais lexislación vixente que sexa de aplicación.
4. O persoal funcionario interino iniciará, no seu caso, tras súa toma de posesión, un período de proba nos termos previstos na normativa vixente.
5. As retribucións serán as correspondentes á praza segundo o especificado no orzamento xeral do Concello de Vilagarcía de Arousa para o ano 2008 (BOP nº 153, de 8 agosto 2008).

Novena. RECURSOS.

Tódolos actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación da Comisión Seleccionadora, poderán ser impugnados polos interesados/as nos casos e na forma establecidos pola Lei de Procedemento Administrativo e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá a continuación do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado Contencioso Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade cos artigos 46 e 10.1 a) da Lei da xurisdicción contencioso-administrativa, aprobada pola Lei 29/1998, do 13 de xullo. Non obstante, os/as interesados/as poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso administrativo anteriormente indicado mentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 116 e seguintes; da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que estime procedente.

MODELO DE INSTANCIA:

D./^a. _____, con D.N.I. num. _____, e con enderezo en (Rúa/lugar) _____ (Localidade) _____ (Municipio) _____ (Código postal) _____,

EXPÓN:

Que coñecedor/a da convocatoria de probas selectivas para a constitución dunha Bolsa de Traballo de diplomados en Traballo Social, que poidan pasar a prestar servicios como Funcionarios Interinos. MANIFESTA que coñece as bases ou criterios de selección desta convocatoria, e que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases da mesma.

Que acompaña a documentación requirida.

Por todo iso,

SOLICITA:

Que previos os trámites oportunos teñan por presentada, en tempo e forma, a presente instancia/solicitud, e na súa virtude procedan a admitir ao/á que subscribe ás probas da convocatoria de referencia

Vilagarcía de Arousa, ____ de _____ de 2.008

ANEXO II

A) Méritos académicos.

A1) Expediente académico correspondente ó título de Diplomado Universitario en Traballo Social. Máximo 15 puntos.

- a) Por cada matrícula de honra ou sobresaínte 15 puntos.
- b) Por cada notable 10 puntos.
- c) Por cada aprobado 5 puntos.

(A suma das puntuacións dividirase polo número total de materias).

A2) A Realización de cursos. Só se valorarán os cursos de formación e perfeccionamento que versen sobre materias relacionadas directamente coas funcións propias da convocatoria, sempre que os cursos fosen impartidos por unha Administración Pública, por un centro oficial de formación ou institución homologada para impartir formación profesional continua.

Valoraranse a razón de 0,025 puntos por hora. Ata un máximo de 15 puntos.

A3) Estar en posesión doutro título superior relacionado có Traballo Social, segundo a seguinte valoración: Máximo 20 puntos.

Diplomatura	3 puntos
Licenciatura	5 puntos
Suficiencia investigadora	7
Doctorado	10

B) Méritos profesionais. Máximo 70 puntos.

B1) Por cada mes de servicios prestados para a Administración Pública xa sexa por relación funcional ou laboral, vencellados o obxecto da convocatoria: 1 punto

B2) Por cada mes de servicios no sector privado, vencellados o obxecto da convocatoria 1 punto.

A puntuación computarase proporcionalmente ó tempo realmente traballado nos supostos de traballo a tempo parcial.

A puntuación máxima do resultado combinado das dúas fases do concurso oposición é de:

Fase de oposición:	40 puntos	(mínimo de 20 puntos)
Méritos académicos:	(15+15) 30 puntos	(mínimo de 5 puntos)
Outra título superior:	20 puntos	(mínimo 3 puntos)
Méritos profesionais:	70 puntos	
MAXIMO TOTAL:	160 puntos	(mínimo 28 puntos)

ANEXO III

TEMARIO

1. A Administración Local na Constitución Española.
2. O procedemento administrativo: Concepto, fases, os interesados. O silencio administrativo.
3. O acto administrativo: concepto, clases e elementos.
4. O persoal ao servizo da Administración Local. Funcionarios, persoal laboral, eventual, interino.
5. Os servizos Sociais na Admón. Local. Marco legal. Modelos operativos.
6. servizo de Axuda no Fogar: definición, usuarios, profesionais que interveñen. Prestacións e tarefas. Coordinación e funcionamento.
7. Traballo Social como disciplina. Perfil profesional do/a traballador/a Social: funcións competencias. O traballo interdisciplinar.
8. Traballador social na planificación. Elaboración de programas e proxectos sociais.
9. Metodoloxía do Traballo Social. Concepto e fases.
10. Niveis de intervención no traballo Social
11. Lei Galega de Medidas Básicas para a inserción social. Antecedentes e fundamentación. Estructura e contido. Normas de desenvolvemento.
12. Minusvalías: clasificación, recursos e prestacións.
13. A Lei de dependencia
14. Bases para a concesión de axudas dentro do programa de inserción social do Concello de Vilagarcía.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Vilagarcía de Arousa, 2 de outubro de 2008

O ALCALDE-PRESIDENTE EN FUNCIONES

Asdo/ Xosé Castro Ratón